



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA VINTEOITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 10/2010

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p>ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.</p> <p>CONCELLEIROS D^a. Rosa Alonso Rodríguez (se incorpora ás 20:15 horas, no punto 4 antes da votación) D^a Ana A. Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful D. Ramón Sixto Legaspi</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga</p> <p>SECRETARIA D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:00 horas do día vinteoito de outubro de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30-09-2010.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o día 30 de setembro de 2010.

Non producíndose mais observacións, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2.-COMUNICACIÓN DAS AVOCACIÓNS REALIZADAS.-

Pola Presidencia dáse conta das avocacións realizadas das competencias delegadas en Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2007:

-Decreto de Avocación de competencias de data 27 de outubro de 2010 para a resolución da concesión de licenza a D. Dodolino Bouso Vidal.

3.-APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS DE MÁIS DE 6.000 EUROS.-

Pola Presidencia dáse conta das facturas correspondentes a gastos de máis de 6.000 euros que obran no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

Aprobar as seguintes facturas que se relacionan:

Código Relación:	Descripción: FACTURAS A APROBAR XUNTA GOBERNO
45	28/10/2010

Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.	VB
-----	-----------	------------	-----------	---------	--------------	------	---------	-------	--------	----

168	02/09/2	10/1/00	06/08/2	B27333	SERVICIOS SOCIAIS		3	13.441,		
6	010	104	010	160	SAN ROQUE, S.L.		1	95	0,00	0,00
Concepto: SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, SERVICIO AYUDA EN EL HOGAR. DEPENDIENTES VALORADOS. DEL 6 AL 31 DE JULI							Operación : O	Imp. Líquido:		
Domiciliación bancaria :										
Partidas Presupuetarias										
				313	22722	CONTRATO XESTION			13.441,	
						SERVIZO AXUDA NO FOGAR			95	
						DEPENDENTE				



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

					SERVICIOS				
186	10/09/2	10/1/00	31/08/2	B27333	SOCIAIS	3	16.253,		
9	010	121	010	160	SAN	1	95	0,00	0,00
					ROQUE, S.L.				
Concepto: SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, 1408					Operaci	Imp. Líquido:			
H. SERICIO AYUDA EN EL HOGAR. 1 A 31 DE					ón : O	16.253,95			
AGOSTO. DEPEND.VALORADOS									
Domiciliación bancaria :									
					Partidas Presupuetarias				
					CONTRATO XESTION	16.253,			
313			22722		SERVIZO AXUDA NO FOGAR	95			
					DEPENDENTE				
					GESTION Y				
201	22/09/2	2010/12	31/08/2	A78139	TECNICAS	4	34.071,		
9	010	6	010	755	DEL AGUA -	4	65	0,00	0,00
					GESTAGUA				
					-				
Concepto: GESTAGUA, AGOSTO 2010.					Operaci	Imp. Líquido:			
PRESTACION SERVICIO DE DEPU RACION					ón :	34.071,65			
					ADO				
Domiciliación bancaria : BANESTO 0030 1542 51 0000558271									
					Partidas Presupuetarias				
					XESTION DO SERVIZO	34.071,			
441			22718		DEPURACION AUGAS.	65			
					GESTAGUA				
					GESTION Y				
223	25/10/2	0-	30/09/2	A78139	TECNICAS	4	34.071,		
2	010	2010/14	010	755	DEL AGUA -	4	65	0,00	0,00
					GESTAGUA				
					-				
Concepto: GESTAGUA, SEPTIEMBRE 2010.					Operaci	Imp. Líquido:			
PRESTACION SERVICIO DE DEPURACION					ón :	34.071,65			
					ADO				
Domiciliación bancaria : BANESTO 0030 1542 51 0000558271									



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

<u>Partidas Presupuetarias</u>										
					XESTION DO SERVICIO					34.071,
				441	22718	DEPURACION AUGAS.				65
						GESTAGUA				
226	25/10/2	2010/32	30/09/2	A15379	SOGAMA,S.	4	19.547,			
2	010	15	010	803	A.	4	00	0,00	0,00	
Concepto: SOGAMA, SEPTIEMBRE 2010.						Operaci				
TRATAMIENTO DE 351,37 TM. DE RESIDUOS						ón :				
SOLIDOS EN LA MINIPLANTA DE BARREIROS						ADO				19.547,00
Domiciliación bancaria : CAIXA GALICIA 2091 0388 96 3040000495										
<u>Partidas Presupuetarias</u>										
					TRABAJOS REALIZADOS					19.547,
				442	22711	POR OTRAS EMPRESAS.				00
						BASURERO				

Total	Imp. Presupuesto:	I.V.A:	Dctos:	Imp. Líquido:
Relación...	117.386,20	0,00	0,00	117.386,20

4.-APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE PAGOS A XUSTIFICAR CONCEDIDOS A ALCALDIA VIAXE LAREDO-SANTURCE-SAN SEBASTIAN.-

Dáse conta da Proposta de Alcaldía.

VISTA a conta xustificativa presentada por Don José María García Rivera como Alcalde do Concello de Foz en relación coa orde de pagamento a xustificar por un importe de 1.700,00 euros para gastos derivados da viaxe institucional realizada a Laredo, Santurce e San Sebastián os días 1, 2 e 3 de outubro deste ano.

VISTO o informe con reparos emitido polo Interventor municipal de data 28 de outubro de 2010 sobre dita conta xustificativa.

Tendo en conta estes antecedentes, o Alcalde levanta o reparo, segundo o disposto no art 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xustificándose en que se trata dunha colaboración co grupo que asistiu aos focenses na visita a Santurce.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Considerando o sinalado no artigo 190 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Base 24 das de Execución do Orzamento Xeral prorrogado do Concello de Foz para o exercicio 2010, a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro. – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de 1.687,96 euros emitida a favor de Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de Foz, con destino ao aboamento de gastos derivados da viaxe institucional realizada a Laredo, Santurce e San Sebastián os días 1, 2 e 3 de outubro, consistente nas facturas e liquidacións de dietas e gastos de desprazamentos que se recollen no expediente

Segundo. – Dar por cumprida a obriga marcada para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos.

Terceiro.- Comuníquese a Intervención e a Tesourería

5.-LICENZA URBANÍSTICA PARA PARCELACION DE FINCA. LUGAR DE COI, BARRIO FONDO NOIS, PARROQUIA DE NOIS-

Por Secretaría dáse conta do expediente de licenza para *parcelación de finca no lugar de Coi, s/n-Fondo-Nois*, solicitada por **D^a. Domitila Rodríguez Paz e outros**, con enderezo en Ctra. da Igrexa, Fondo-Nois, segundo proxecto redactado polo Arquitecto Técnico D. Jesús Campos Gil, sendo a superficie total da parcela orixinal de 7.693,00 m², e a parcelación resultante a seguinte: Parcela nº 1: 3.445,00 m², propiedade de D^a. Domitila Rodríguez Paz; Parcela nº 2: 800,00 m², propiedade de D^a. Domitila Rodríguez Paz; Parcela nº 3: 3.448,00 m², propiedade de D^a. Domitila Rodríguez Paz.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 06/10/2010, obrante no expediente.

Visto o informe xurídico de Secretaría de data 13/10/10, obrante no expediente.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, sen prexuízo de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade,

ACORDA:

Primeiro.- Conceder licenza de parcelación de finca no lugar de Coi, s/n-Fondo-Nois, solicitada por D^a. Domitila Rodríguez Paz e outros, con enderezo en Ctra. da Igrexa, Fondo-Nois, segundo proxecto redactado polo Arquitecto Técnico D. Jesús Campos Gil, sendo a superficie total da parcela orixinal de 7.693,00 m², e a parcelación resultante a seguinte: Parcela nº 1: 3.445,00 m², propiedade de D^a. Domitila Rodríguez Paz; Parcela nº 2: 800,00 m², propiedade de D^a. Domitila Rodríguez Paz; Parcela nº 3: 3.448,00 m², propiedade de D^a. Domitila Rodríguez Paz.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

6.-LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACION DE EDIFICIO. RÚA CORPORACIÓNS MUNICIPAIS, 28.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de **CONSTRUCCIONES JOMAN OBRAS S.L.U.**, con enderezo en C/Físicas nº 11-Polígono Industrial Urtinsa 2-28923 Alcorcón-Madrid, para *rehabilitación de edificio en Rúa Corporacións Municipais nº 28-Foz*, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. Tomás Vígara González.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 18 de outubro de 2010, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 19 de outubro de 2010, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen prexuízo de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras a CONSTRUCCIONES JOMAN OBRAS S.L.U., con enderezo en C/Físicas nº 11-Polígono Industrial Urtinsa 2-28923 Alcorcón-Madrid, para *rehabilitación*



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

de edificio en Rúa Corporacións Municipais nº 28-Foz, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. Tomás Vígara González, debendo, previo ao inicio das obras, presentar o proxecto de execución acorde co proxecto básico para a súa aprobación.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 20 minutos do día 28 de outubro de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.-

Vº Bº
O Alcalde,

José María García Rivera.

